

Mércores, 28 de maio de 2025

Núm. 100

ADMINISTRACIÓN DO ESTADO

MINISTERIO DEL INTERIOR

SUBDELEGACIÓN DEL GOBIERNO EN PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA E ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DOS PARQUES EÓLICOS AGRATRINA (56,24 MW), AGROMACES (60,67 MW), SISTESAS (55,92 MW), VENTOBURGO (59,85 MW), XESTILOI (58,31 MW), E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN.

Anuncio da Dependencia da Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra e da Área Funcional de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno na Coruña, polo que se somete a información pública (IP) a solicitude de Autorización Administrativa Previa (AAP) e o Estudo de Impacto Ambiental (EIA) do Parque Eólico Agratrina, de 56,24 MW, Parque Eólico Agromaces, de 60,67 MW, Parque Eólico Sistesas, de 55,92 MW, Parque Eólico Ventoburgo, de 59,85 MW, Parque Eólico Xestiloi, de 58,31 MW, e a súa infraestrutura de evacuación; todo iso situado nos termos municipais de San Cristovo de Cea, Vilamarín, Piñor, O Carballiño, O Irixo, Boborás, Beariz, Leiro, San Amaro, Cenlle, Ribadavia e Castrelo de Miño (Ourense), Forcarei, Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Silleda e Rodeiro (Pontevedra), Chantada e Carballedo (Lugo). PEol-913 AC.

A entidade Tipuana Wind, S.L., solicitou Declaración de Impacto Ambiental e Autorización Administrativa Previa da instalación "Parque eólico Agratrina", de 56,24 MW de potencia, situado nos termos municipais de San Cristovo de Cea, na provincia de Ourense, Rodeiro, na provincia de Pontevedra, e Chantada e Carballedo, na provincia de Lugo.

A entidade Seyal Wind, S.L., solicitou Declaración de Impacto Ambiental e Autorización Administrativa Previa da instalación "Parque eólico Agromaces", de 60,67 MW, situado nos termos municipais de Chantada e Carballedo, na provincia de Lugo, e San Cristovo de Cea, na provincia de Ourense.

A entidade Cercis Wind, S.L., solicitou Declaración de Impacto Ambiental e Autorización Administrativa Previa da instalación "Parque eólico Sistesas", de 55,92 MW, situado nos termos municipais de Forcarei e Cerdedo-Cotobade, na provincia de Pontevedra, e Beariz, na provincia de Ourense.

A entidade Caoba Wind, S.L., solicitou Declaración de Impacto Ambiental e Autorización Administrativa Previa da instalación "Parque eólico Ventoburgo", de 59,85 MW, situado nos termos municipais de Forcarei, Cerdedo-Cotobade e A Estrada, na provincia de Pontevedra.

A entidade Betula Wind, S.L., solicitou Declaración de Impacto Ambiental e Autorización Administrativa Previa da instalación "Parque eólico Xestiloi", de 58,31 MW, situado nos termos municipais de Silleda e Forcarei, na provincia de Pontevedra.



Mércores, 28 de maio de 2025

Núm. 100

Dentro do alcance das referidas instalacións inclúense as súas infraestruturas de evacuación ata a subestación eléctrica que as conectará coa rede de transporte. O conxunto das actuacións indicadas desenvolverase, ademais de en os referidos termos municipais de San Cristovo de Cea, Rodeiro, Chantada, Carballedo, Forcarei, Cerdedo-Cotobade, Beariz, A Estrada e Silleda, nos termos municipais de Vilamarín, Piñor, O Carballiño, O Irixo, Boborás, Leiro, San Amaro, Cenlle, Ribadavia e Castrelo de Miño, na provincia de Ourense.

A posta en funcionamento de novas instalacións de produción de enerxía eléctrica está sometido ao réxime de autorizacións definido no artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, e nas súas disposicións de desenvolvemento, destacando entre estas o Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Así mesmo, os proxectos están suxeitos ao procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, en virtude do definido no artigo 7.1.a da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

De conformidade co previsto no artigo 53.1.a da Lei 24/2013, do 26 de decembro, a tramitación de ambos os procedementos (Autorización Administrativa Previa e Avaliación de Impacto Ambiental) está a efectuarse de maneira conxunta.

Así mesmo, con data 26 de outubro de 2023, ditouse pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico acordo polo que se acumula a tramitación dos procedementos correspondentes ás cinco instalacións, motivado pola íntima conexión de senllos proxectos, compartindo gran parte das infraestruturas de evacuación e cunha clara sinerxia ambiental entre eles.

Con data 8 de xaneiro de 2025, tiveron entrada no Rexistro do citado Ministerio escritos de Tipuana Wind, S.L., Seyal Wind S.L., Caoba Wind S.L., Cercis Wind S.L., e Betula Wind, S.L., mediante o que presentaron documentación de modificación para as solicitudes de AAP e DIA dos cinco parques eólicos obxecto deste expediente.

O 14 de abril de 2025, quedaron emendadas as solicitudes e completada a documentación achegada polas entidades promotoras no expediente.

Para os efectos previstos no artigo 125.1 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro e no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, sométese ao trámite de información pública o Estudo de Impacto Ambiental (EsIA) e a solicitude de Autorización Administrativa Previa (AAP) das instalacións indicadas, cuxas características xerais son as seguintes:

1.— PARQUE EÓLICO AGRATRINA

Peticionaria: Tipuana Wind, S.L., con CIF B-10773000, e domicilio en Rúa José Luis Bugallal Marchesi núm. 10, 1º Dereita A, 15008 A Coruña.



Mércores, 28 de maio de 2025

Núm. 100

Denominación: Parque Eólico Agratrina, de 56,24 MW, e a súa infraestrutura de evacuación.

Código de expediente: PEol-913 AC.

Emprazamento: Termos municipais de San Cristovo de Cea, Vilamarín, Piñor, O Carballiño, O Irixo, Boborás (provincia de Ourense), Rodeiro (provincia de Pontevedra), Chantada e Carballedo (provincia de Lugo).

Finalidade: Xeración de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovable (eólica).

Características técnicas:

1.1.— Parque Eólico: Quince (15) aeroxeradores. Inclúe tres torres meteorolóxicas, viais de acceso e obra civil para instalación e mantemento. Termos municipais de San Cristovo de Cea (provincia de Ourense), Rodeiro (provincia de Pontevedra), Chantada e Carballedo (provincia de Lugo).

1.2.— Sistema colector de enerxía: os aeroxeradores de cada circuíto colector conéctanse eléctricamente mediante seis liñas subterráneas de 30 kV á subestación concentradora Agraprado.

1.3.— Subestación concentradora Agraprado (30/220 kV): co obxectivo de evacuar conxuntamente a enerxía xerada polos parques eólicos Agratrina e Agromaces (módulos Pereteiro, Lobade e Santa Cristina), construírse unha subestación para elevar a tensión da rede interna dos parques (30 kV) ao nivel do punto de interconexión previsto coa liña de evacuación SE concentradora Agraprado–SE concentradora Carqueixa (220 kV). As dimensións aproximadas en planta da subestación serán de 75 m x 51 m. Termo municipal de Carballedo (provincia de Lugo).

1.4.— Liña aérea de alta tensión 220kV de SE concentradora Agraprado a SE cocentradora Carqueixa: a liña evacuará a 220 kV a enerxía xerada nos parques eólicos Agratrina e Agromaces (módulos Pereteiro, Lobade e Santa Cristina) desde a SE concentradora Agraprado 30/220 kV ata a SE concentradora Carqueixa 30/220 kV (promovida por Seyal Wind, S.L. xunto co proxecto do parque eólico Agromaces); liña aérea, simple circuíto, lonxitude aproximada de 3,62 km. Termos municipais de Carballedo (provincia de Lugo) e San Cristovo de Cea (provincia de Ourense).

1.5.— Liña aérea e subterránea de alta tensión 220kV de SE concentradora Carqueixa a SE colectora Agroventosas: a liña evacuará a 220 kV a enerxía xerada nos parques Agratrina e Agromaces (módulos Pereteiro, Lobade e Santa Cristina), procedente da SE concentradora Agraprado, así como a enerxía xerada no parque eólico Agromaces (modulo Nodar), desde a SE concentradora Carqueixa 30/220 kV ata a SE colectora Agroventosas 220 kV (promovida por Cercis Wind, S.L. xunto co proxecto do parque eólico Sistesas). Liña subterránea nun dos seus tramos e aérea no resto, simple circuíto, lonxitude aproximada de 29,34 km. Termos municipais de Carballedo (provincia de Lugo) e de Vilamarín, San Cristovo de Cea, Piñor, O Carballiño, O Irixo, Boborás (provincia de Ourense).

Orzamento: 58.771.006,73 €



Mércores, 28 de maio de 2025

Núm. 100

Este orzamento de execución material inclúe: PE Agratrina, SE concentradora Agraprado 30/220 kV, LAAT 220 kV SE concentradora Agraprado 30/220 kV a SE concentradora Carqueixa 220 kV, LASAT 220 kV SE concentradora Carqueixa 30/220 kV a SE colectora Agroventosas 220 kV.

Coordenadas UTM dos aeroxeradores (contémplanse dúas posicións adicionais de reserva):

Aeroxerador	Módulo	T.M.	Provincia	Coordenadas UTM Fuso 29 ETRS 89	
				X	Y
AR01	Agraprado	Carballedo	Lugo	591094,79	4714548,77
AR02	Agraprado	Carballedo	Lugo	590803,64	4715181,73
AR03 (reserva)	Agraprado	Carballedo	Lugo	590469,23	4715339,57
AR04	Agraprado	Carballedo	Lugo	589588,24	4714818,86
AR05	Agraprado	Chantada	Lugo	589130,45	4714775,01
AR06	Agraprado	Chantada	Lugo	589111,31	4714503,01
AR07	Agraprado	Chantada	Lugo	589017,64	4714202,66
AR08	Agraprado	Chantada	Lugo	588475,00	4714112,00
AR09	Agraprado	Chantada	Lugo	588662,27	4713862,65
A001	Agrosagro	Rodeiro	Pontevedra	586941,58	4716889,34
A002	Agrosagro	Rodeiro	Pontevedra	587180,23	4716728,52
A003	Agrosagro	Rodeiro	Pontevedra	587263,19	4716461,31
CD01	Cerdeira	Carballedo	Lugo	601098,28	4711723,71
CD02 (reserva)	Cerdeira	Chantada	Lugo	601022,79	4711436,37
LD01	Ludenia	Carballedo	Lugo	598351,52	4715272,48
LD02	Ludenia	Carballedo	Lugo	598789,15	4715125,93
LD03	Ludenia	Carballedo	Lugo	598980,73	4715523,95

2.— PARQUE EÓLICO AGROMACES

Peticionaria: Seyal Wind, S.L., con CIF B-10772994, e domicilio en Rúa José Luis Bugallal Marchesi núm. 10, 1º Dereita A, 15008 A Coruña.

Denominación: Parque Eólico Agromaces, de 60,67 MW, e a súa infraestrutura de evacuación.

Código de expediente: PEol-913 AC.

Emprazamento: Termos municipais de Chantada e Carballedo (provincia de Lugo) e San Cristovo de Cea (provincia de Ourense).

Finalidade: Xeración de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovable (eólica).

Características técnicas:

2.1.— Parque Eólico: Quince (15) aeroxeradores. Inclúe tres torres meteorolóxicas, viais de acceso e obra civil para instalación e mantemento. Termos municipais de Chantada, Carballedo (provincia de Lugo) e San Cristovo de Cea (provincia de Ourense).



Mércores, 28 de maio de 2025

Núm. 100

2.2.— Sistema colector de enerxía: os aeroxeradores de cada circuíto colector conéctanse eléctricamente mediante seis liñas subterráneas de 30 kV ás subestacións concentradoras Carqueixa (módulo Nodar) e Agraprado (módulos Pereteiro, Lobade e Santa Cristina; SE esta última promovida por Tipuana Wind, S.L. xunto co proxecto do parque eólico Agratrina).

2.3.— Subestación concentradora Carqueixa (30/220 kV): co obxectivo de evacuar conxuntamente a enerxía xerada polo parque eólico Agromaces módulo Nodar e a xerada nos parques Agratrina e Agromaces (módulos Pereteiro, Lobade e Santa Cristina), construírse unha subestación para elevar a tensión da rede interna do parque (30 kV) ao nivel do punto de interconexión previsto coa liña de evacuación de SE concentradora Carqueixa-SE colectora Agroventosas (220 kV). As dimensións aproximadas en planta da subestación serán de 83 m x 51 m. Termo municipal de Carballedo (provincia de Lugo).

Orzamento: 49.500.317,73 €

Este orzamento de execución material inclúe: PE Agromaces, SE Concentradora Carqueixa 30/220 kV.

Coordenadas UTM dos aeroxeradores (contéplase unha posición adicional de reserva):

Aeroxeradores	Módulo	T.M.	Provincia	Coordenadas UTM Fuso 29 ETRS89	
				X	Y
SC01	Santa Cristina	Chantada	Lugo	592.018,67	4.709.285,68
SC02	Santa Cristina	Chantada	Lugo	591.794,30	4.709.651,34
SC03	Santa Cristina	Chantada	Lugo	591.999,62	4.710.360,06
SC04	Santa Cristina	Chantada	Lugo	592.423,68	4.710.070,17
LB01	Lobade	Chantada	Lugo	595.924,39	4.712.850,57
LB02	Lobade	Chantada	Lugo	595.598,40	4.713.049,67
NO01 (reserva)	Nodar	San Cristovo de Cea	Ourense	589.874,21	4.708.169,78
NO02	Nodar	San Cristovo de Cea	Ourense	589.224,42	4.707.661,92
NO03	Nodar	Chantada	Lugo	590.230,81	4.707.920,33
NO04	Nodar	San Cristovo de Cea	Ourense	589.466,53	4.707.434,34
PT01	Pereteiro	Chantada	Lugo	600.293,88	4.712.107,00
PT02	Pereteiro	Chantada	Lugo	599.820,81	4.712.315,28
PT03	Pereteiro	Carballedo	Lugo	599.522,08	4.712.597,19
PT04	Pereteiro	Carballedo	Lugo	598.867,99	4.712.784,95
PT05	Pereteiro	Carballedo	Lugo	597.436,32	4.714.352,70
PT06	Pereteiro	Carballedo	Lugo	597.931,67	4.714.378,65

3.— PARQUE EÓLICO SISTESAS

Peticionaria: Cercis Wind, S.L., con CIF B-10777290, e domicilio en Rúa José Luis Bugallal Marchesi núm. 10, 1º Dereita A, 15008 A Coruña.

Denominación: Parque Eólico Sistesas, de 55,92 MW, e a súa infraestrutura de evacuación.



Mércores, 28 de maio de 2025

Núm. 100

Código de proxecto: PEol-913 AC.

Emprazamento: Termos municipais de Forcarei, Cerdedo-Cotobade (provincia de Pontevedra), Beariz, Boborás, Leiro, O Carballiño, San Amaro, Cenlle, Ribadavia e Castrelo de Miño (provincia de Ourense).

Finalidade: Xeración de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovable (eólica).

Características técnicas:

3.1.— Parque Eólico: Quince (15) aeroxeradores. Inclúe tres torres meteorolóxicas, viais de acceso e obra civil para instalación e mantemento. Termos municipais de Forcarei e Cerdedo-Cotobade (provincia de Pontevedra) e Beariz (provincia de Ourense).

3.2.— Sistema colector de enerxía: os aeroxeradores de cada circuíto colector conéctanse eléctricamente mediante oito liñas subterráneas de 30 kV á subestación concentradora Sistesas.

3.3.— Subestación concentradora Sistesas (30/220 kV): co obxectivo de evacuar conxuntamente a enerxía xerada no parque eólico Sistesas e a xerada nos parques eólicos Xestiloi (promovido por Betula Wind, S.L.) e Ventoburgo (promovido por Caoba Wind, S.L.), construírse unha subestación para elevar a tensión da rede interna do parque (30 kV) ao nivel do punto de interconexión previsto coa liña de evacuación de SE concentradora Sistesas a SE colectora Agroventosas (220 kV). As dimensións aproximadas en planta da subestación serán de 89 m x 51 m. Termo municipal de Forcarei (provincia de Pontevedra).

3.4.— Liña aérea e subterránea de alta tensión 220 kV de SE concentradora Sistesas a SE colectora Agroventosas: a liña evacuará a 220 kV a enerxía xerada nos parques eólicos Sistesas, Ventoburgo e Xestiloi, desde a SE concentradora Sistesas 30/220 kV ata a SE colectora Agroventosas 220 kV; liña subterránea nun dos seus tramos e aérea no resto, simple circuíto, lonxitude aproximada de 17,94 km. Termos municipais de Forcarei (provincia de Pontevedra), Beariz e Boborás (provincia de Ourense).

3.5.— Subestación colectora Agroventosas (220 kV): co obxectivo de evacuar conxuntamente a enerxía xerada nos parques eólicos Sistesas, Ventoburgo e Xestiloi, coa xerada nos parques eólicos Agratrina e Agromaces, construírse esta subestación colectora, para a súa conexión subseguinte á SE colectora Castrelo "Promotores" a través de correspondente liña. As dimensións aproximadas en planta da subestación serán de 82 m x 46 m. Termo municipal de Boborás (provincia de Ourense).

3.6.— Liña aérea e subterránea de alta tensión 220 kV de SE colectora Agroventosas 220 kV a SE colectora Castrelo "Promotores" 220 kV: liña subterránea en dúas dos seus tramos e aérea no resto, simple circuíto, lonxitude aproximada de 20,91 km. Termos municipais de Boborás, O Carballiño, Leiro, San Amaro, Cenlle, Ribadavia e Castrelo de Miño (provincia de Ourense).

3.7.— Subestación colectora Castrelo "Promotores" (220 kV): subestación que concentra a enerxía xerada nos parques eólicos Sistesas, Ventoburgo, Xestiloi, Agratrina e Agromaces coa



Mércores, 28 de maio de 2025

Núm. 100

procedente da liña de evacuación SET PE Arnoia-Apoio 12 PAS (tramitada pola administración autonómica co nº de expediente IN408A 2023/001 a iniciativa da sociedade AMR 7 ENERXÍAS RENOVABLES, S.L.; non é obxecto do presente anuncio). A nova subestación conectarase á súa vez á SE Castrelo (titularidade de Rede Eléctrica de España, S.A.U.-REE) a través da liña de entrada/saída da liña SET PE Arnoia-Apoio 12 PAS na SE colectora Castrelo "Promotores" (220 kV) e da liña de evacuación SC Castrelo GI-GII (220 kV). As dimensións aproximadas en planta da subestación serán de 69 m x 53 m. Termo municipal de Castrelo de Miño (provincia de Ourense).

3.8.— Liña aérea e subterránea de alta tensión entrada/saída 220 kV na SE colectora Castrelo "Promotores": liña que conecta a SE colectora "Promotores" 220 kV coa liña SET PE Arnoia-Apoio 12 PAS, á que se conecta mediante un novo apoio 11-bis intercalado nesta. A liña SET PE Arnoia-Apoio 12 PAS á súa vez conecta coa SE Castrelo (REE) a través da liña de evacuación SC Castrelo GI-GII (220 kV). A liña discorre en tres tramos, dous subterráneos e un aéreo, simple circuío, lonxitude aproximada de 1,60 km. Termo municipal de Castrelo de Miño (provincia de Ourense).

3.9.— Liña subterránea de alta tensión de evacuación SC Castrelo GI-GII 220 kV: para a conexión da liña de entrada/saída da liña SET PE Arnoia-Apoio 12 PAS en SE colectora Castrelo "Promotores" 220 kV coa SE Castrelo 220 kV (REE). Liña subterránea, simple circuío, lonxitude aproximada de 0,87 km. Termo municipal de Castrelo de Miño (provincia de Ourense). Esta liña de evacuación está a ser tramitada pola administración autonómica co nº de expediente IN408A 2023/001, a iniciativa da sociedade AMR 7 ENERXÍAS RENOVABLES, S.L. Simultaneamente, esta actuación incorpórase ao presente expediente, para a súa tramitación conxunta co resto de infraestruturas, a fin de asegurar a conexión á rede de transporte, independentemente do desenvolvemento do referido expediente IN408A 2023/001.

3.10.— Ampliación subestación Castrelo de Rede Eléctrica de España (220 kV): modificación dos terminais asociados á Rúa 7 do Grupo 1 da subestación Castrelo 220 kV (posición xestionada por Naturgy) que recolle a enerxía procedente da liña de evacuación SC Castrelo GI-GII 220 kV. Termo municipal de Castrelo de Miño (provincia de Ourense). Esta ampliación da subestación está a ser tramitada pola administración autonómica co nº de expediente IN408A 2023/001, a iniciativa da sociedade AMR 7 ENERXÍAS RENOVABLES, S.L. Simultaneamente, esta actuación incorpórase ao presente expediente, para a súa tramitación conxunta co resto de infraestruturas, a fin de asegurar a conexión á rede de transporte, independentemente do desenvolvemento do referido expediente IN408A 2023/001.

Orzamento: 69.397.310,54 €

Este orzamento de execución material inclúe: PE Sistesas, SE Concentradora Sistesas 30/220 kV, LASAT 220 kV SE Concentradora Sistesas 30/220 kV a SE Colectora Agroventosas 220 kV, SE Colectora Agroventosas 220 kV, LASAT 220 kV SE Colectora Agroventosas 220 kV a SE Colectora Promotores Castrelo 220 kV, SE Colectora Promotores Castrelo 220 kV, LASAT 220 kV E/S da



Mércores, 28 de maio de 2025

Núm. 100

LASAT 220 kV Promotores a SE Castrelo (REE) en SE Concentradora Promotores Castrelo 220 kV, LSAT 220 kV SC Castrelo GI – GII, Ampliación SE Castrelo (REE).

Coordenadas UTM dos aeroxeradores (contémplanse dúas posicións adicionais de reserva):

Aeroxeradores	Módulo	T.M.	Provincia	Coordenadas UTM Huso 29 ETRS89	
				X	Y
ST01	Sisto 2	Forcarei	Pontevedra	558.946,65	4.709.721,35
ST02	Sisto 2	Forcarei	Pontevedra	558.893,13	4.709.436,83
ST03	Sisto 2	Forcarei	Pontevedra	558.900,97	4.709.124,72
ST04	Sisto 2	Forcarei	Pontevedra	558.942,74	4.708.782,89
ST05	Sisto 2	Forcarei	Pontevedra	558.939,51	4.708.459,66
S001	Soutelo	Forcarei	Pontevedra	557.803,04	4.708.076,13
S002	Soutelo	Forcarei	Pontevedra	558.092,03	4.707.785,05
SI01	Sisto 1	Forcarei	Pontevedra	557.752,43	4.707.114,22
SI02	Sisto 1	Forcarei	Pontevedra	557.863,32	4.706.823,15
DE01 (reserva)	Devesas	Forcarei	Pontevedra	555.430,04	4.706.005,42
DE02	Devesas	Forcarei	Pontevedra	555.650,19	4.705.701,85
DE03 (reserva)	Devesas	Forcarei	Pontevedra	556.138,87	4.705.907,79
RE01	Regotraseso	Beariz	Ourense	554.706,46	4.704.390,40
RE02	Regotraseso	Beariz	Ourense	554.500,11	4.703.937,28
AB01	Abelencia	Cerdedo-Cotobade	Pontevedra	552.179,42	4.707.415,30
AB02	Abelencia	Cerdedo-Cotobade	Pontevedra	552.278,03	4.707.110,32
AB03	Abelencia	Forcarei	Pontevedra	552.709,31	4.707.063,73

4.— PARQUE EÓLICO VENTOBURGO

Peticionaria: Caoba Wind, S.L., con CIF B-10777332, e domicilio en Rúa José Luis Bugallal Marchesi núm. 10, 1º Dereita A, 15008 A Coruña.

Denominación: Parque Eólico Ventoburgo, de 59,85 MW, e a súa infraestrutura de evacuación.

Código de proxecto: PEol-913 AC.

Emprazamento: Termos municipais de Forcarei, Cerdedo-Cotobade e A Estrada (provincia de Pontevedra).

Finalidade: Xeración de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovable (eólica).

Características técnicas:

4.1.— Parque Eólico: Catorce (14) aeroxeradores. Inclúe tres torres meteorolóxicas, viais de acceso e obra civil para instalación e mantemento. Termos municipais de Forcarei, Cerdedo-Cotobade e A Estrada (provincia de Pontevedra).

4.2.— Sistema colector de enerxía: os aeroxeradores de cada circuíto colector conéctanse eléctricamente mediante seis liñas subterráneas de 30 kV á subestación concentradora Ventoburgo.



Mércores, 28 de maio de 2025

Núm. 100

4.3.— Subestación concentradora Ventoburgo (30/220 kV): co obxectivo de evacuar conxuntamente a enerxía xerada polo parque eólico Ventoburgo e a xerada polo parque eólico Xestiloi (promovido por Betula Wind, S.L.), construírse unha subestación para elevar a tensión da rede interna do parque (30 kV) ao nivel do punto de interconexión previsto coa liña de evacuación SE concentradora Ventoburgo a SE concentradora Sistesas (220 kV). As dimensións aproximadas en planta da subestación serán de 89 m x 51 m. Termo municipal da Estrada (provincia de Pontevedra).

4.4.— Liña aérea e subterránea de alta tensión de evacuación de SE concentradora Ventoburgo a SE concentradora Sistesas: a liña evacuará a 220 kV a enerxía xerada nos parques eólicos Ventoburgo e Xestiloi, desde a SE concentradora Ventoburgo 30/220 kV ata a SE concentradora Sistesas 30/220 kV; liña subterránea nun dos seus tramos e aérea no resto, simple circuito, lonxitude aproximada de 13,40 km. Termos municipais da Estrada, Cerdedo-Cotobade e Forcarei (provincia de Pontevedra).

Orzamento: 53.317.630,96 €

Este orzamento de execución material inclúe: PE Ventoburgo, SE Ventoburgo 30/220 kV, LASAT 220 kV SE Ventoburgo 30/220 Kv – SE Sistesas 30/220 kV.

Coordenadas UTM dos aeroxeradores (contéplase unha posición adicional de reserva):

Aeroxerador	Módulo	T.M.	Provincia	Coordenadas UTM Fuso 29 ETRS89	
				X	Y
CH01	Cacharei	Forcarei	Pontevedra	551.442,42	4.716.462,44
CH02	Cacharei	Forcarei	Pontevedra	551.558,85	4.716.199,63
CH03	Cacharei	Forcarei	Pontevedra	551.695,35	4.715.519,13
CH04	Cacharei	Forcarei	Pontevedra	551.736,14	4.715.176,23
CH05	Cacharei	Forcarei	Pontevedra	551.805,19	4.714.807,65
FI01	Filgueira	Cerdedo-Cotobade	Pontevedra	549.023,29	4.711.742,97
FI02	Filgueira	Cerdedo-Cotobade	Pontevedra	548.518,36	4.711.688,20
FI03 (reserva)	Filgueira	Cerdedo-Cotobade	Pontevedra	548.230,24	4.711.852,50
FI04	Filgueira	Cerdedo-Cotobade	Pontevedra	548.739,49	4.712.406,90
FI05 (reserva)	Filgueira	Cerdedo-Cotobade	Pontevedra	549.157,29	4.712.359,65
GR01	Graña	A Estrada	Pontevedra	549.378,96	4.718.284,98
GR02	Graña	A Estrada	Pontevedra	549.330,36	4.717.914,24
GR03	Graña	A Estrada	Pontevedra	549.669,32	4.716.459,84
RZ01	Rozaleira	Forcarei	Pontevedra	550.897,53	4.718.752,06
RZ02	Rozaleira	Forcarei	Pontevedra	550.585,14	4.718.888,85
RZ03	Rozaleira	Forcarei	Pontevedra	550.473,23	4.719.199,97

5.— PARQUE EÓLICO XESTILOI

Peticionaria: Betula Wind, S.L., con CIF B-10777308, e domicilio en Rúa José Luis Bugallal Marchesi núm. 10, 1º Dereita A, 15008 A Coruña.

Denominación: Parque Eólico Xestiloi, de 58,31 MW, e a súa infraestrutura de evacuación.



Mércores, 28 de maio de 2025

Núm. 100

Código de proxecto: PEol-913 AC.

Emprazamento: Termos municipais de Silleda, Forcarei e A Estrada (provincia de Pontevedra).

Finalidade: Xeración de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovable (eólica).

Características técnicas:

5.1.— Parque Eólico: Catorce (14) aeroxeradores. Inclúe dúas torres meteorolóxicas, viais de acceso e obra civil para instalación e mantemento. Termos municipais de Silleda e Forcarei (provincia de Pontevedra).

5.2.— Sistema colector de enerxía: os aeroxeradores de cada circuíto colector conéctanse eléctricamente mediante cinco liñas subterráneas de 30 kV á subestación Xestiloi.

5.3.— Subestación Xestiloi (30/220 kV): co obxectivo de evacuar a enerxía xerada polo parque eólico Xestiloi, construírse unha subestación para elevar a tensión da rede interna do parque (30 kV) ao nivel do punto de interconexión previsto coa liña de evacuación SE Xestiloi-SE concentradora Ventoburgo (220 kV). As dimensións aproximadas en planta da subestación serán de 93 m x 39 m. Termo municipal de Forcarei (provincia de Pontevedra).

5.4.— Liña aérea de alta tensión de evacuación de SE Xestiloi a SE concentradora Ventoburgo: a liña evacuará a 220 kV a enerxía xerada no parque eólico Xestiloi desde a SE Xestiloi 30/220 kV ata a SE concentradora Ventoburgo 30/220 kV; liña aérea, simple circuíto, lonxitude aproximada de 9,39 km. Termos municipais de Forcarei e A Estrada (provincia de Pontevedra).

Orzamento: 45.741.870,47 €

Este orzamento de execución material inclúe: PE Xestiloi, SE Xestiloi 30/220 kV, LAAT 220 kV SE Xestiloi 30/220 kV – SE Ventoburgo 30/220 kV.

Coordenadas UTM dos aeroxeradores:

Aeroxeradores	Módulo	T.M.	Provincia	Coordenadas UTM Fuso 29 ETRS89	
				X	Y
X01	Xestoso 1	Forcarei	Pontevedra	552.602,71	4.724.553,75
X02	Xestoso 1	Forcarei	Pontevedra	552.860,40	4.724.489,60
X03	Xestoso 1	Forcarei	Pontevedra	553.396,19	4.723.896,58
X04	Xestoso 1	Forcarei	Pontevedra	553.620,32	4.723.636,98
X05	Xestoso 1	Silleda	Pontevedra	553.949,70	4.723.733,26
X06	Xestoso 1	Forcarei	Pontevedra	554.285,91	4.723.512,08
UN01	Uniosa	Forcarei	Pontevedra	556.912,57	4.721.494,90
UN02	Uniosa	Forcarei	Pontevedra	556.658,12	4.722.063,28
UN03	Uniosa	Silleda	Pontevedra	556.563,07	4.722.942,12
FI01	Filloi	Silleda	Pontevedra	556.854,97	4.722.922,46
FI02	Filloi	Silleda	Pontevedra	557.059,88	4.722.666,34
FI03	Filloi	Silleda	Pontevedra	557.302,00	4.722.446,00
TX01	Tixtao	Silleda	Pontevedra	559.302,76	4.723.252,69
TX02	Tixtao	Silleda	Pontevedra	559.699,63	4.723.153,67



Mércores, 28 de maio de 2025

Núm. 100

Os procedementos nos cales se encadra este trámite de información pública están regulados no artigo 53.1.a da Lei 24/2013, do 26 de decembro (referido como "Autorización Administrativa Previa"); no artigo 122 e seguintes do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, na súa redacción dada pola Real Decreto-lei 23/2020, do 23 de xuño (referido como "Autorización Administrativa"); e no Título II, Capítulo II, Sección 1ª da Lei 21, 2013, do 9 de decembro ("Procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria para a formulación da declaración de impacto ambiental").

Corresponde á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, ditar a resolución de Autorización Administrativa Previa das instalacións. Corresponde á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, do mesmo ministerio, formular a Declaración de Impacto Ambiental.

Pola súa banda e en virtude de Orde do 7 de novembro de 1997 pola que se desenvolve o Real Decreto 1330/1997, do 1 de agosto, de Integración de Servizos Periféricos e de Estrutura das Delegacións do Goberno, correspóndelles, á Área Funcional de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno na Coruña, que actúa sobre a provincia de Lugo, e á Dependencia á Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra, que actúa sobre as provincias de Pontevedra e Ourense, a condición de unidades tramitadoras dos procedementos administrativos iniciados, no ámbito territorial correspondente a cada unha, polo que eses son os órganos aos que poden dirixirse alegacións.

Todo o anterior faise público para que poida ser examinado o expediente e, no prazo de trinta (30) días, contados a partir do seguinte á última publicación deste anuncio no boletín oficial correspondente, formularse as alegacións que se estimen oportunas, dirixidas á Dependencia da área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra ou á Área Funcional de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno na Coruña, a través do Rexistro Electrónico da Administración Xeral do Estado (<https://rec.redsara.es>) ou por calquera outro dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Advírtese que as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e outros suxeitos identificados no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, están obrigados a relacionarse por medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. Con tal motivo, as alegacións formuladas por calquera deses suxeitos neste trámite de información pública deben obrigatoriamente presentarse por medios electrónicos.

Os Proxectos e Estudos de Impacto Ambiental das instalacións poden ser examinados:

- a través da seguinte ligazón:
https://run.gob.es/wvzPEol913AC_PROYECTOSyEsIA
- a través do apartado "Proxectos, Campañas e Información/Procedementos de Información Pública" da sede electrónica da Delegación do Goberno en Galicia;



Mércores, 28 de maio de 2025

Núm. 100

- presencialmente na Dependencia da área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra, sita en Praza de España, s/n, 36002, Pontevedra; esta consulta presencial requirirá de cita previa, que pode solicitarse a través do teléfono 986 98 92 35, en horario de 9h a 14h, ou do correo electrónico a industria.pontevedra@correo.gob.es;
- presencialmente na área Funcional de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno na Coruña, Praza de Ourense, n.º 11, 15003, A Coruña; esta consulta presencial requirirá de cita previa, que pode solicitarse a través do teléfono 981 98 95 59, en horario de 9h a 14h, ou enviando un correo electrónico a industria.acoruna@correo.gob.es;

A documentación anterior tamén foi posta ao dispor de cada un dos Concellos afectados.

Pontevedra, á data de firma electrónica.

O Xefe da Dependencia da área de Industria e Enerxía

P.A. O Xefe de Servizo da área de Industria e Enerxía

(Oficio do Delegado de Goberno en Galicia do 14 de marzo de 2023)

Asinado electronicamente. Comprobe o CVE impreso á marxe.

Rubén Díaz Bellón.

